

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO- COORDINADOR DE FORMACIÓN PROGRAMA AFD/2018-2019

PRIMEIRA- OBXECTO.

É obxecto da presente convocatoria a selección e posterior contratación de persoal de coordinación para o programa AFD/2018-2019 do Patronato Municipal Beiramar, mediante o sistema de concurso oposición.

A oferta de emprego farase ante o Servizo Público de Emprego e, publicarase nos Taboleiros públicos do Concello e Patronato, páxina Web do Patronato e nun dos diarios da provincia.

A contratación realizarase por obra ou servizo, cuxa duración estará dentro do período que vai dende novembro de 2018 a setembro de 2019.

SEGUNDA- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES:

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- a) Ser español/a. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia e o cumprimento das condicións establecidas para tódolos aspirantes, mediante a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- b) Ter 18 anos cumpridos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa
- c) Estar en posesión de titulación universitaria; **diplomatura, licenciatura ou equivalente.**
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que se opta e non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto.
- e) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.
- f) Non incorrer, coa sinatura do novo contrato e durante o desenvolvemento do mesmo, no suposto de ter estado contratados polo Concello de Moaña e/ou Patronato Municipal Beiramar, nun período de 30 meses por un prazo superior a 24 meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous o mais contratos temporais, coas mesmas o diferentes modalidades contractuais de duración determinada.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA.- SOLICITUDES:

As solicitudes (Anexo I) para tomar parte nesta convocatoria, nas que as persoas aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse á Sr. Presidente do Patronato Municipal Beiramar e presentaranse no rexistro xeral deste Patronato, dende o día da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do concello ata as 14:00 horas do día 31 de outubro de 2018, acompañadas da seguinte documentación:

- Anexo I.
- DNI.
- Titulación de acceso.
- Currículo, acreditado.
- Anexo II-Relación de méritos

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR:

O tribunal de selección estará integrado por tres membros titulares, ou suplentes que serán nomeados, en caso de que algún dos seus titulares non poida asistir.

Non poderá constituírse sen a asistencia da metade mais un dos seus membros titulares ou suplentes, debendo estar presentes o/a presidente/a e o/a secretario/a, ou os seus respectivos suplentes.

A composición efectiva do tribunal, así como as listas de admitidos-excluídos e lista de valoración de currículo provisional farase pública na páxina Web e taboleiro de anuncios do Patronato, co fin de posibilitar, no seu caso, a formulación de alegacións.

QUINTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

O procedemento constará de 3 fases; valoración de currículo, proba tipo test e entrevista persoal.

a) FASE : VALORACIÓN DE CURRÍCULOS: Representara o 40% da puntuación total.

Constará dos seguintes apartados:

1.- FORMACIÓN ACADÉMICA OU REGRADA - PUNTACIÓN MÁXIMA 0,20 PUNTOS.

Titulacións distintas a documentación de acceso.

- | | |
|-------------------------|-----------|
| 1.1.- Licenciatura..... | 0,20 pts. |
| 1.2.- Diplomatura..... | 0,10 pts. |

2.- CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN - PUNTUACIÓN MÁXIMA 2,00 PUNTOS.

Impartidos ou homologados por administracións públicas, universidades, organizacións sindicais, colexios ou escolas autorizadas.

- | | |
|---|------------------|
| 2.1.- Cursos relacionados co posto, só nos 10 últimos anos..... | máximo 0.80 pts. |
| Cursos de 30 a 99 horas..... | 0,10 |
| Cursos de 100 a 299 horas..... | 0,20 |
| Cursos de 300 a 599 horas..... | 0,30 |
| Cursos a partir de 600 horas..... | 0,40 |
| 2.2.- Cursos en Prevención de Riscos..... | máximo 0,60 pts. |
| (Só se valorará o de grao superior alegado) | |
| Básico xeral | 0,10 |
| Medio..... | 0,40 |
| Superior..... | 0,60 |

2.3.- Cursos de informática, nivel usuario.....	máximo 0,50 pts.
Cursos de 30 a 49 horas.....	0,10
Cursos de 50 a 99 horas.....	0,20
Cursos a partir de 100 horas.....	0,30

3.- FORMACIÓN PEDAGÓGICA - PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,50 PUNTOS

3.1.- Certificado profesionalidade de Formador Ocupacional.....	0,20
3.2.- CAP ou equivalente.....	0,30

4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL RELACIONADA CO POSTO-PUNTUACIÓN MÁX. 7,00 P.

Acreditada a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia de contratos e certificado de servizos prestados. Os autónomos, vida laboral, IAE (alta e actualización) e facturas de servizos prestados.

4.1.- Experiencia profesional en programas Accións Formativas Desempregados (AFD). Por cada mes	0,08 pts.	Máximo 5,00 pts.
4.2.- Experiencia profesional noutros programas de fomento do emprego. Por cada mes.....	0,03 pts.....	Máximo 2,00 pts.

5.- COÑECEMENTO DA LÍNGUA GALEGA - PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,30 PUNTOS.

Homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística.

5.1.- Iniciación ou Celga 3.....	0,10
5.2.- Perfeccionamento ou Celga 4.....	0,20
5.3.- Outros de grao superior.....	0,30

b) FASE: PROBA TIPO TEST: Representará o 40% da puntuación total.

Os aspirantes deberán contestar a 20 preguntas tipo test, que versaran sobre:

- Programación dos certificados de profesionalidade a impartir
- RD 34/2008, de 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo , reguladores dos certificados de profesionalidade
- ORDEN de 16 de marzo de 2018 por *la que se establecen las bases reguladoras y se procede a la convocatoria pública de subvenciones para la programación de acciones formativas dirigidas a las personas trabajadoras desempleadas en la Comunidad Autónoma de Galicia correspondiente a los ejercicios de 2018 y 2019 (código de procedimiento TR301K).*

c) FASE: ENTREVISTA. Representará o 20% da puntuación total.

O tribunal disporá de 10 minutos para realizar ás persoas aspirantes preguntas relacionadas co posto, así como outras sobre a posta en marcha das accións a desenvolver.

Mediante estas 3 probas as persoas aspirantes poderán acadar un máximo de 10 puntos.

Consideraranse seleccionadas aquelas que acaden maiores puntuacións.

En caso de empate entre as persoas aspirantes dirimirase éste en favor da persoa que acredite ter maior experiencia profesional en programas accións formativas para desempregados (AFD).

SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador elevará ó órgano competente a proposta de contratación da persoa aspirante que obteñan a maior puntuación, quen resolverá sobre a contratación e formalización do contrato de conformidade cos modelos de contratación previstos na normativa aplicable.

As persoas candidatas que non resulten seleccionadas para a súa contratación pasarán a formar parte dunha listaxe de suplentes, para posibles substitucións.

SÉTIMA: PRAZOS.

Presentación de instancias: Ata o día 31 de outubro de 2018 ás 14:00 horas.

Listado provisional de admitidos e excluídos e valoración currículos : Día 8 de novembro de 2018.

Período de alegacións a este listado: días 9 e 12 de novembro de 2018. Presentaranse nas oficinas do Rexistro do Patronato, sitas en A Carrasqueira s/n Tirán-Moaña

Listado definitivo de admitidos e excluídos e valoración currículos: Día 13 de novembro de 2018.

Exame tipo test e entrevista: Día 14 de novembro de 2018 ás 9:00 horas na sala de xuntas do Patronato Municipal Beiramar.

Publicación de resultados provisionais: Día 15 de novembro de 2018.

Período de alegacións: Días 15 e 16 de novembro de 2018. Presentaranse nas oficinas do Rexistro do Patronato, sitas en A Carrasqueira s/n Tirán-Moaña

Publicación de resultados definitivos: Día 20 de novembro de 2018.

OITAVA: PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas na páxina Web e taboleiro de anuncios Patronato Municipal Beiramar e Concello de Moaña.

Moaña, 17 de outubro de 2018.
O Presidente

Asdo.Salvador Meira Corrales

ANEXO I

SOLICITUDE PARA A PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL TÉCNICO - COORDINACIÓN DE FORMACIÓN, PROGRAMA AFD/ 2018-2019.

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	N.I.F.
Enderezo completo (rúa, municipio C.P. provincia)			
Correo electrónico			
Teléfonos			

Documentación que se xunta a esta solicitude:

- D.N.I.
- Titulación de acceso.
- Currículo, acreditado.
- ANEXO II - Relación de méritos

O abaixo asinante solicita ser admitido no procedemento a que se refire a presente instancia e **DECLARA:**

Que non se atopa incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente.

Que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das funcións e tarefas propias do posto.

Que non esta separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin esta inhabilitado para o desempeño das funcións públicas.

Que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas nas Bases da convocatoria, que fai constar a aceptación Bases desta convocatoria.

Que da a autorización para realizar as comprobacións que resultasen procedentes.

En Moaña a.....de.....de 2018
(sinatura do solicitante)

SR. PRESIDENTE DO PATRONATO MUNICIPAL BEIRAMAR.

**4.2- EXPERIENCIA PROFESIONAL NOUTROS PROGRAMAS DE FOMENTO DE EMPREGO.
Máximo 2,00**

ENTIDADE	CATEGORIA	FUNCIÓN DESENVOLVIDA ACREDITADA	DATAS	

5.- CURSOS DE GALEGO -- PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,30 P

5.1. FORMACIÓN LINGUA GALEGA - PUNTUACIÓN MÁXIMA 0,30 PUNTOS

NOME DO CURSO (solo se valorara o de maior nivel)	HORAS	DATA	
5.1.1.- Iniciación ou Celga 3			
5.1.2.- Perfeccionamento ou Celga4			
5.1.3.- Outros de grado superior, homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística.			

SUMA PUNTUACIÓN ACADADA.....	
-------------------------------------	--

NOTA IMPORTANTE PARA A BAREMACIÓN

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os méritos acreditaranse con orixinal ou copia compulsada.
- Os cursos que non especifiquen o contido e número de horas non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o mais favorable.
- A asistencia a xornadas, simposios ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- No caso de experiencia laboral, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou nómina.

Ena.....de.....de 2018

Asdo:.....